



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 28 DE JUNIO DE 2016.-

<p><u>Sres. Asistentes:</u></p> <p><u>Sr. Alcalde:</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO. D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. RICARDO JOSE LAGE FERNANDEZ. D. MARTA SEIJAS DIAZ. D. MANUEL BELLO BOUZA. D^a CRISTINA CADENA FREIRE. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. D. GUSTAVO PITA CARBALLEIRA. <u>Non asiste con excusa:</u> D. EMILIO MESIAS FARIAS <u>SR. SECRETARIO :</u> D. MANUEL LARROSA RODRIGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e trinta e nove minutos do vinteseite de marzo de dous mil dezaseis, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
---	---

Punto núm. 1.- RATIFICACIÓN CAMBIO DE DATA SESIÓN ORDINARIA.-

Sometida a votación o cambio de data da Sesión Ordinaria correspondente o día de hoxe, o Pleno do Concello por 10 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 3 PP, 2 NAL e 1 SON DE ARES), e 2 votos en contra (2 BNG), acorda ratificar o cambio de data da sesión Ordinaria para o día de hoxe.

Punto núm. 2.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 15-12-2015.

Sometida a votación a aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o día 15 de decembro de 2015, o Pleno do Concello por 10 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 3 PP, 2 NAL e 1 SON DE ARES), e 2 votos en contra (2 BNG), acorda prestarlle a súa aprobación.



Punto núm. 3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN EFECTUADA POLA MESA DE CONTRATACIÓN E REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN “PROCEDIMENTO ABERTO PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO: MODALIDADE BÁSICO E MODALIDADE DEPENDENCIA”.

Efectuada convocatoria pública mediante procedemento aberto da prestación do servizo de axuda a domicilio na modalidade básico e modalidade dependencia con arranxo ao prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobados na sesión plenaria do día 28 de marzo de 2016, sendo publicado o anuncio de licitación no BOP núm. 64 de 6 de abril de 2016.

Vista a acta da da Mesa de Contratación efectuada o día 6 de xuño de 2016 na que seu punto 1º deuse conta do informe de valoración das ofertas presentadas realizada polos Técnicos municipais e conseguinte proposta de adxudicación provisional nos seguintes termos :

	Puntuación Total
Virxe do Carme	89,75
Atendo	80,76
Servital	79,77

Na súa virtude nos termos da cláusula vixésimo primeira do prego de cláusulas administrativas particulares “documentación a presentar para a adxudicación”, o Pleno do concello en votación ordinaria por maioría de 10 votos a favor dos grupos municipais do PSdeG–P.S.O.E. (5), P.P. (3), NAL (1) e Son de Ares (1) e dous en contra do grupo municipal do BNG acordou :

Primeiro.– Declarar a validez da licitación.

Segundo.– Requerir a licitadora que acadou a maior puntuación e por conseguinte ser a oferta máis ventaxosa, Virxe do Carme para que no prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o presente



requerimento, presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro polo cal se aprobou o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e recollida na cláusula 15.2 do prego da cláusulas administrativas particulares así como de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometese a adicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do Texto Refundido da lei de Contratos do Sector Público, así como de ter constituída a garantía definitiva por importe do 5 % do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Punto núm. 4.- RESOLUCIÓN ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA SE PROCEDE DA ORDENANZA REGULADORA DE PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL.

Dase conta das Alegacións presentadas por D^a Ana Oróns Mata en nome e representación da Conferación Gallega de Empresarios de la Madera, que figuran unidas ó expediente.

Acto seguinte dase conta do Informe de Secretaria-Intervención de data 15 de xuño de 2016, do seguinte teor literal:

INFORME DE SECRETARÍA

Asunto : Alegacións presentada pola Confederación Gallega de Empresarios de la Madera á Ordenanza reguladora da protección do medio rural do Concello de Ares

ANTECEDENTES

Primeiro.- O Pleno do Concello na sesión do día 29 de outubro de 2015 aprobou con carácter inicial a Ordenanza Reguladora de Protección do Medio Rural.

Segundo.- Sometida a información pública mediante Edicto publicado no BOP núm. 26 de 10 de febreiro de 2016, con data 16-03-16 é presentado escrito de alegacións por Confemadera "Confederación Gallega de Empresarios de la Madera".

CONSIDERACIONES XURÍDICAS



Primeira.- Establece a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia, o marco normativo dos montes ou terreos forestais existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, en desenvolvemento da lexislación básica estatal en materia de montes, sendo de aplicación a mesma a todos os montes ou terreos forestais do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. As competencias das distintas Administracións Públicas implicadas nesta materia defínense nos arts. 9 a 12 da propia Lei, distinguindo as competencias atribuídas á Administración autonómicas, e as que se recoñecen ás Administracións Locais de Galicia. Respecto destas últimas, o art. 11 desta Lei establece que:

"As entidades locais, no marco da lexislación básica do Estado e da lexislación da Comunidade Autónoma de Galicia, exercen as competencias seguintes:

- a) A xestión dos montes da súa titularidade non incluídos no Catálogo de montes de utilidade pública.
- b) A disposición do rendemento económico dos aproveitamentos forestais de todos os montes da súa titularidade, sen prexuízo do disposto na presente lei en relación co fondo de melloras de montes catalogados ou, no seu caso, do disposto na normativa da Comunidade Autónoma.
- c) A emisión de informe preceptivo no procedemento de elaboración dos instrumentos de ordenación forestal relativos aos montes da súa titularidade incluídos no Catálogo de montes de utilidade pública.
- d) A xestión dos montes catalogados da súa titularidade, cando así o soliciten, de acordo co establecido no artigo 34.2.
- e) A emisión doutros informes preceptivos establecidos na presente lei relativos aos montes da súa titularidade".

Esta Lei introduce, á súa vez, unha serie de modificacións na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e entre outras redefine precisamente as competencias locais en materia de defensa dos montes ou terreos forestais fronte aos incendios. Dispón así o seu art. 7 a), d) e e) na súa nova redacción dada pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia, que:

"Corresponde aos concellos e a outras entidades locais:

- a) Elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, conforme o previsto na presente lei e na lexislación galega de montes, e integralos nos plans de emerxencia municipais, de acordo co previsto na lexislación galega de emerxencias.
- b) Adoptar as medidas de prevención de incendios forestais que lles correspondan en terreos da súa titularidade.



c) Colaborar cos medios dispoñibles coa dirección técnica de extinción de incendios forestais.

d) Ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios, en consonancia cos artigos 199.2 e 9.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e de forma máis concreta a ordenación e execución subsidiaria da xestión da biomasa nos termos dos artigos 21, 22 e 23 da presente lei, contando para iso coa colaboración técnica e/ou económica da Xunta de Galicia nos termos previstos no artigo 59 da presente lei, conforme o establecido no artigo 331.1 da Lei 5/1997, do 5 de agosto, de Administración local de Galicia

e) Xestionar as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade, nos termos da presente lei".

Desta normativa despréndese que as competencias municipais pasan pola xestión de todos aqueles montes que sexan da súa titularidade e non se inclúan no Catálogo de montes de utilidade pública (neste último caso corresponderá á Administración forestal), o que comprende as plantacións forestais e xestión da biomasa. No resto de casos, as súas competencias concretaranse respecto das cuestións expostas á xestión da biomasa actuando mediante execución subsidiaria no caso de incumprimento das súas correspondentes obrigas nesta materia polas persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos forestais (que son os responsables da devandita xestión en primeiro termo), e podendo contar para iso coa colaboración técnica e/ou económica da Xunta de Galicia.

As competencias en materia sancionadora respecto da prevención e defensa de incendios forestais regúlanse no art. 54 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que establece:

"1. Será competente para incoar o procedemento sancionador para as infraccións cometidas en terreos agrícolas, forestais e de influencia forestal a persoa titular da xefatura territorial da consellería con competencias en materia forestal por razón do territorio no que se cometeu a infracción ou daquel con maior superficie afectada.

2. Serán competentes para a resolución dos procedementos sancionadores por infraccións tipificadas na presente lei e incoados no ámbito da consellería con competencia en materia forestal:

a) A persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia forestal, para a imposición de sancións pola comisión de infraccións leves.

b) O órgano competente en materia forestal, para a imposición de sancións pola comisión de infraccións graves.



c) A persoa titular da consellería que teña asignada a competencia en materia forestal, para a imposición de sancións pola comisión de infraccións moi graves.

3. A incoación do procedemento sancionador en aplicación da presente lei, por ausencia de ordenanzas municipais respecto diso, para as infraccións cometidas en terreos urbanos, de núcleo rural e urbanizables delimitados será competencia da respectiva administración local, correspondendo a resolución dos expedientes pola comisión de infraccións leves e graves á persoa titular da alcaldía e a dos expedientes pola comisión de infraccións moi graves ao pleno do concello, de conformidade co establecido no artigo 21 ter.2 da presente lei".

Por tanto, en ausencia de Ordenanza municipal na materia, para as infraccións cometidas nos terreos urbanos, de núcleo rural e urbanizables delimitados en contravención da lexislación autonómica que comentamos, hai que estar en efecto ás disposicións desta Lei directamente.

Segunda.- A ordenanza no obxecto e natureza xustifica a mesma en base ás as facultades concedidas polos artigos 25 en relación co 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 7 da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, artigos 9 e 199 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e artigo 80 da 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, constituíndo o obxecto da mesma a defensa do medio natural, das zonas verdes urbanas, das árbores e das especies vexetais existentes nas rúas, nas prazas e nos demais bens que integran o **dominio público municipal**, entendéndose por zonas verdes urbanas os solos de titularidade pública destinados a parque, xardín ou arboredo e os de propiedade privada que teñan esa finalidade no planeamento urbanístico aplicable.

Para os efectos deste regulamento tamén se entenden como zona verde os pequenos xardíns situados arredor dos monumentos ou nas illas viarias, as liñas de árbores das beirarrúas e dos paseos e os demais elementos de xardinería da rede viaria ou dos outros bens municipais de uso ou servizo público; tendo tamén por obxecto a regulación de:

- a) Da limpeza obrigatoria de terreos forestais e soares en solo urbano ou de núcleo rural, manténdoo en boas condicións estéticas, de salubridade e de seguridade.
- b) De medidas de protección do medio natural.
- c) De prevención de incendios no medio rural e na interfaz urbana-rural, mantendo as parcelas libres de maleza.
- d) Da corta e saca de madeira.
- e) Das plantacións forestais en canto a especies e distancias.

Na súa virtude, informábase desfavorablemente a alegación presentada por Confemadera.



Tal é o meu informe que someto a outro mellor fundado en Dereito en Ares a 15 de xuño de 2016.”

Acto seguinte somete a votación a proposta de desestimación da Alegación presentada por Confemadera, e o Pleno do Concello por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 SON DE ARES), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, e 3 votos en contra do Grupo Municipal do P.P. e 3 abstencións do Grupo Municipal do BNG, acorda desestimar a Alegación presentada por Confemadera, e en consecuencia

1º.- Aprobado definitivamente a Ordenanza Reguladora da Protección do Medio Rural do Concello de Ares.

2º.- Notificar o Presente acordo á Confemadera.

3º.- Publicar Integramente o contido integro da Ordenanza agora aprobada no Boletín Oficial da Provincia os efectos oportunos.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

Punto núm. 5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN S DICTADAS POLA ALCALDÍA.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia proceder a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos, de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril

O Concello Pleno dáse por enterado.

Punto núm. 6.- MOCIONS E PROPOSTAS.

Non hai.

Acto seguinte e antes de entrar no turno de rogos e preguntas, polo Sr. Alcalde-Presidente, pregúntase os voceiros dos Grupos Municipais, se teñen algunha Moción para someter á consideración do Pleno pola vía de urxencia, non presentándose ningúnha.

Punto núm. 7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Aberto o turno de Rogos e Preguntas, toma a palabra a Sra. Cadena Freire, preguntando cando se vai a limpar a maleza na estrada de Ares-Chanteiro. Pregunta en relación coas alegacións do PXOM cando vanse respostar e que norma é a que é de



aplicación. En relación coa casa de Chanteiro que se pretende adquirir, pregunta cal é a finalidade, e finalmente pregunta polo proxecto da senda peonil Ares-Redes.

Seguidamente a Sra. Martínez Martínez, pregunta cando se vai a levar a cabo o acordo Plenario do cobro do recibo da auga con carácter bimensual, preguntando tamén para cando serán as obras do CPI CONDE DE FENOSA. Pregunta pola limpeza e retirada de cristais de Abanca, así como fai o rogo de que urxe o desbroce dos camiños.

Resposta o Sr. Alcalde, que o proxecto da senda peonial esta listo, así como tamén esta lista a Estrada de Chanteiro, e en relación ó PXOM estanse recopilando todos os informes sectoriais e ademáis nos atopamos con que a empresa redactora esta baixo mínimos.

Sendo as 12,36 horas ausentase o Sr. Fernandez Lago.

O Sr. Alcalde, segue expoñendo que a normativa aplicable neste momento son as Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento de 1977, e en relación ó aparcamento en Redes hai feito un e en Chanteiro comprase unha parcela para dito fin.

Sendo as 12,42 horas incorporase o Sr. Fernández Lago.

Novamente a Sra. Cadena Freire, pregunta se hai cartos para manter a adquisición da casa de Chanteiro, o que resposta o Sr. Alcalde que parte da adquisición irá con cargo a subvención.

Interven o Sr. Bello Bouza, manifestando que coa crise económica e unha vez adquirida a finca de Chanteiro se nos queremos desfacer dela vai a ser imposible.

Resposta o Sr. Alcalde e sinala en relación o recibo bimensual da auga, que a empresa segue combrando cun contrato por lecturas cada tres meses, e habería que facer un novo contrato que contemplará a lectura bimensual.

En relación co CPI Conde de Fenosa, estamos pendentes da aprobación do PXOM, nos entregamos a Xunta de Galicia o solo, pista e aparcamento urbano, para o cal previamente fixose unha modificación puntual para cambiar as mesmas.

Finalmente intervén a Sra. Marcos García, expoñendo que en relación con este tema hai moitas opcións e Terán que vir os técnicos da Xunta de Galicia para ver a máis adecuada.



E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as trece horas e un minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,